


► As variedades xeográficas do galego

O galego presenta hoxe en día unha sorprendente unidade lingüística, sobre todo se temos en conta a súa falta de cultivo escrito durante séculos. Con todo, como sucede con calquera outra lingua, si que é fácil recoñecer diferenzas entre as maneiras de falarmos uns e os outros.

Moitas destas diferenzas, como xa vimos no curso pasado, correspóndense coas variedades xeográficas ou sintópicas do idioma. Estas variedades pódense manifestar en calquera nivel da lingua.

Fíxate

O galego é falado tamén fóra das fronteiras administrativas de Galicia. Concretamente, na zona máis occidental de Asturias, León e Zamora e no recanto noroeste de Cáceres (Val do Ellas). Nos últimos anos, diversas iniciativas institucionais e particulares comezaron a favorecer o seu proceso de normalización: intentos de implantación do galego no ensino, celebración de xornadas sobre a lingua, normas ortográficas e outros estudos lingüísticos...



Ligazón

Se queres saber máis sobre o galego falado máis aló das nosas fronteiras administrativas, podes consultar esta web.


- mais.vieiros.com/letras2002/polalingua.html

Fonética	galego [hálo]		galego [gálo]
Morfoloxía	pantalóns	pantalós	pantalois
Síntaxe	te (CD e CI)		te (CD), che (CI)
Léxico	orballar	chuviañar	barruzar

A área da lingüística que estuda estas variacións é a **dialectoloxía**. No seu traballo, os dialectólogos determinan con precisión que zonas comparten ou non un fenómeno lingüístico. Estas zonas poden delimitarse nun mapa cunha liña imaxinaria chamada **isoglosa**.

A dialectoloxía galega, grazas aos estudos realizados nas últimas décadas, divide o territorio de fala galega en tres grandes bloques dialectais (occidental, central e oriental), con varias áreas dentro de cada un deles.


Tradicionalmente, tamén se emprega o termo **fala** para referirse ao conxunto de características peculiares dunha determinada zona xeográfica: a fala de Verín, a fala da comarca de Santiago...




► Bloque occidental

O bloque occidental abrangue a parte occidental das provincias da Coruña e de Pontevedra e unha pequena zona no suroeste da provincia de Ourense.

Algúns dos trazos que imos mencionar como propios do bloque occidental van máis alá dos seus límites e outros non se dan en toda a súa extensión. En xeral, estes trazos son considerados máis innovadores ca os dos outros bloques.



Vexamos como se distribúen xeograficamente algúns dos fenómenos lingüísticos que máis afectan ao bloque occidental.



Ademais dos trazos xerais que acabamos de citar, existen moitos outros de extensión máis reducida e que se localizan nalgunha das áreas deste bloque. Entre eles están, por exemplo:

- **Área bergantiñá:** terminación -iu na P3 do pret. de indicativo dos verbos da 2.^a e 3.^a conjugación: *colliu, partiu*.
- **Área fisterrá:** seseo explosivo (*faser* e *sine* no canto de *facen* e *cine*), cheísmo (uso do *che* como CD): *vinche na praia*. Na zona norte (Xallas) empregan sistematicamente o ditongo -ui- (*muíto, truíta, nuite...*). Na zona sur (Tambre, Barbanza) usan o ditongo -oi- (*moíto, troíta, noite...*).
- **Área pontevedresa:** terminación -eu na P3 do pret. de indicativo dos verbos da 2.^a e 3.^a conjugación: *colleu, parteu*.

Bloques dialectais do galego

Bloque occidental

ÁREA BERGANTIÑÁ

ÁREA FISTERRÁ

ÁREA PONTEVEDRESA

Bloque central

ÁREA MINDONIENSE

ÁREA CENTRAL DE TRANSICIÓN

ÁREA LUCU-AURIENSE

ÁREA ORIENTAL DE TRANSICIÓN

Bloque oriental

ÁREA ASTURIANA

ÁREA ORIENTAL CENTRAL

ÁREA ANCARESA

ÁREA ZAMORANA

Reprodución dun texto oral

El non pensou nada, pensou que aquilo que fora un susto, e el fuille unha cousa que non lle paresiu que era ben aquela, porque se non el... El curriu cuesto de que non tiña medo, pero deghpoix el medo agharrou; e non viu máigh nada que eso, que é unha lux que espallaran; e era un home que non tiña medo a nada. E entonses muitas cousas, inda nogh fai crier que din que non hai eso, e que tal e que sei eu, pero el ese susto pasoulle porque o sei eu mullere, eso seino eu.

Labrega de Coiro (Mazaricos)
 Francisco Fernández Rei
 e Carme Hermida, *A nosa fala*
 (adaptación)




Melide, no Camiño de Santiago, pertence ao bloque central.

▷ Bloque central

O bloque central é, xeograficamente, o máis amplo. Esténdese polo nordeste e interior da provincia da Coruña, polo interior da de Pontevedra, e por case a totalidade das provincias de Lugo e Ourense (salvo a súa franxa máis oriental).

A lingua empregada neste bloque é, se cadra, a que presenta os trazos máis heteroxéneos. Este carácter pouco unitario vén dado porque é dentro dos límites do bloque central onde moitos fenómenos van marcando a transición de solucións entre o oeste e o leste do noso país. Así o podemos ver, por exemplo, nestes mapas.



Este esquema presenta algúns dos trazos máis relevantes do bloque central.

Reprodución dun texto oral

—[...] Si, teñen así debaixo, aí amais pa váteres; pero teñen un apartamento pás caixas, que lovaron os pelegrinos, pa caixas, pa muletas, pa embarcacións de mariñeiros, que se vían en perigo os mariñeiros no mare, ¿non sabes? E ofrecíanlle os barcos a san Andrés, e todo eso téñeno en depósito a parte.

—¡Si, iso é verdá eh!

—E os ataúces tíñanos na igrexa; e ás criaturas, a ós chavales que iban, que eran novos impoñíalles velas, os ataúces, as caixas dos defuntos.

Dous veciños de Cervo (Cedeira)
Francisco Fernández Rei e Carme Hermida, *A nosa fala* (adaptación)

TRAZOS DIALECTAIS XERAIS

Fonéticos

Gheada / non-gheada. → [hálo] / [gálo]

Ditongo -oi-. → *moito, troita*

Seseo implosivo / non-seseo. → [lús] / [lúθ]

Morfolóxicos

Terminación -ao para masculino e -á para feminino. → *irmao / irmá*

Plural en -s para substantivos rematados en -n. → *cas, pantalós*

Alternancia pronomes *ti / tu*. → *ti sabes / tu sabes*

Terminación verbal da P2 do pretérito de indicativo en -iche(s). → *ti colliche(s)*

Terminación verbal da P4 do presente de indicativo en -des. → *vós cantades*

Varias áreas deste bloque presentan trazos dialectais específicos de relevancia.

— **Área mindoniense:** pronomes *nosoutros/-as* e *vosoutros/-as*; formas verbais propias (*seña* e *esteña* no canto de *sexa* e *estea*); palabras específicas (*felgo* en vez de *fento*, *cimo* en vez de *grello*, *golpe* en vez de *raposo*...).

— **Área lucu-auriense:** formas dos demostrativos *iste, ise, aquil*; pronome persoal *il*; imperativo singular dos verbos da segunda conxugación con vogal temática -u- (*culle* en vez de *colle*) ou en -i- (*bibe* en vez de *bebe*...).


— **Área central de transición:** ditongo -oi- (*noite, troita*) e -ui- (*muíto, truíta*) e formas do demostrativo *este* e do pronome *el*.

— **Área oriental de transición:** formas *este, ese, aquel* e *el* fronte á área lucu-auriense con *iste, ise, aquil* e *il*.


► Bloque oriental

Este bloque comprende a parte máis oriental das provincias de Lugo e Ourense; e tamén o galego falado máis alá das fronteiras administrativas de Galicia, é dicir, a zona do chamado galego exterior. Esta zona inclúe a parte máis occidental de Asturias (Terra Navia-Eo), León (Ancares leoneses e Bierzo occidental) e Zamora (As Portelas).

En xeral, as falas deste bloque, que supoñen xa o límite oriental do galego, presentan os trazos máis conservadores da nosa lingua. Entre eles podemos citar os seguintes.



Vexamos a distribución dalgún dos fenómenos que mellor caracterizan este bloque fronte aos outros.



Outros trazos relevantes, de extensión máis reducida, localízanse nestas áreas do bloque oriental.

- **Área asturiana:** mantemento do -l- intervocálico: *avolo* (por *avó*), *molín* (por *muíño*); terminacións -íus, -ífas fronte aos comúns -iños, -iñas (*molíus*, *sardías* no canto de *muíños*, *sardiñas*).
- **Área ancaresa:** vogais nasalizadas: *cadēa*, *ūa*; gheada: [hálo]; palatalización do *ā* tónico (*irmā* no canto de *irmá*).
- **Área oriental-central:** con terminación en -íus no canto de -iños (vecíus...) e formas verbais en -n (*collín*, *partín*, *ficen*...)
- **Área zamorana:** teísmo (uso de *te* como CI): *eu non te dou iso*.



O Cebreiro, no bloque oriental.

Reproducción dun texto oral

Existen aquí nel puebo unhas agrupacións, que tan encaminadas a ser a pauta pra irse mello-rando. Hoi, hai unha de cuatro vecíus, que pode poñer camín de cen vacas, si lles axudan, el Estado, Ordenación Rural i Estensión Agraria; i esos elementos, el Estado con créditos, Ordenación Rural reparándolle os camíus i, Estensión Agraria, con servicos técnicos... Teño que reconocer que eghtos servicos, i eght(os) que vaian facendo estas agrupacións, melloran un pouco, anque solo seña, a situación das mulle-res nes[e], nel campo laboral.

Veciño de Porzún (A Veiga-Asturias)
Francisco Fernández Rei e Carme Hermida, *A nosa fala* (adaptación)

Amplía

O lingüista Xabier Frías Conde fixo unha nova proposta dialectal do galego. Nela mantén os *bloques occidental e central*, reformula o *bloque oriental* en dous (o *oriental* e o *raiano*) e engade un novo, o **bloque meridional**, sobre A Fala estremeña.



1. As variedades xeográficas

1. Le estes textos extraídos de *A nosa fala* de Francisco Fernández Rei e Carme Hermida e indica a que bloque e área pertence cada un deles.

— Xustifica a túa resposta a partir dos trazos característicos de cada bloque presentes nos textos

A: AS DIVERSIONS E A MOCIDADE DE ANTES

È poise na, nas casas fañan, formábase un baile nunha sa[la], nunha casa è coa mesma principiábaçe a toca-la pandèreta è veña baile: a ghòta, a muiñeira, o pasodòble, o valse. È en fin, tódolos bailes que había: dança, maçurca, todo que aghora non había estes bailes modèrnos de, de abraçarçe tanto, de apretarçe tanto. Eço non, çeparados un de outro. È entonçes si, aquilo daba gusto. Ademais, as mullères, daquèla iban coas saíñas asta alá abaixo, a casi a rastro do chan; pèro despois, este, a bailar, poise non nos freghábamos nada, estábamos separados, è, en fin. Non había bicos tampouco no baile. Eso, os bicos era cando íbamos, por eghèmplo, íbamos açi è estábamos nun çitio tal; pèro cando çe lle daba un bico a unha mullèr xa era unha couça moi sèria: ¡Diòs nos libre deço! Daquèla a couça era, era un çaghrado. Hoxe non. Hoxe xa non çe, xa çe abraçan os moços è as moças, andan abraçados xa por aí adiante, á vista da xente. Nòs cando nos abraçábamos naqueles nòços tempos, hai çaçenta anos, çinquenta anos, daquèla daba ghusto, que cando mirábamos prá nõça mòça non, ninguèn lle podía chiscar jèh! ¡Coidadiño! Estábase mirando pra èla è mirábase coma pra Diòs, non çe lle tropeçaba; asta cando era nos açunto de, de pidi-

-la mòça, ¡ai!, daquèla çi, daquèla çi que daba ghusto. Cando lla daban a un, pèro cando lle diçían que non, ¡ai, cando lle diçían que non!, entonçes si; entonçes que viña un, poñíanse-lle os pelos de punta.

Eu tuven unha mòça, eu tuven unha mòça que fun, fun, con èla, çète, çète meçes è medio è non lle, non lle tropeç[ei], non lle tropeçei nin nun pelo da roupa. ¡Nadiña, nadiña! È miraba pra èla como para, pra, para María, para María çantíçema ¡alabado ça èla! Pèro, claro; eu despois, vai èla è díxome un día, unha noite cheghei, que eu iba çèmpre moi contento pra alí, eu cheghei alí è cando cheghei vai èla è díxome, cheghamos á pòrta da çaça, salimos do baile è cheghamos á pòrta da çaça, è entonçes díxome èla:

—Mira, non volvas máis.

—¿¡Como dixèstes!?

—Non volvas máis, que non què[ro]...

—¿È lògho por que?

—Porque non quèro ter moço, eu non què[ro].

—¿È lògho cando queiras ter moço —díxenlle eu— cando queiras ter moço, non me, non me has de falar?

È dixo èla:

—¡Ai despois, veremos!

Veciño de Noia

B: A COMPAÑA, O DEMO E OS VELORIOS

Taba, taba un tíu aquí, que era de Carme, dixo, dixo el:

—Unha vez, fun eu, a Navia, axudarlle a un a levar un xato è cuando volvíñ botei de noite, sentín no castañeiral, ¡buuuu! unha ruxida alí de, nos castañeiros —dixo. Alí fradaban, alí facían, alí eu non sei —dixo. ¡Era o demo! —dixo. Outra cousa non era —dixo. Outra cousa non era porque era eso.

È, è según eso pois outras cousas, outras, outras trangalladas deso da santa Compañía. È despois había, do demo, tamén cuèntos, que era mui frecuentè nas polavilas, aquí nas casas. Contaban contos do demo, de, do que facía; pèro claro... eso, sòn cousas que eu nunca lles concedín maior gracia, porque, xa vin a última hora que era unha patraña, era unha patraña da xente de, de, de, de por aí.

—¿È non se acòrda así de ningún cuènto daqueles?

—Aínda contache esta mañá un, de cuando taban... o que contache esta mañá de cuando taban guardando un difunto.

—Ai buèno, ¡sí hò! Aquel de, buèno aquel non era do demo. Aquel taban guardando o difunto, ou sea que, houbèra un fallecemento, no puèblo de tal. I-àquí è frecuentè acudi-los veciños, ir a reza-lo rosario è, buèno, i-àcompañía-la familia. I-alí quedaron unha porción deles arriba, taría o defunto tal como por aí.

Aquí despois tuvo a xente, dende que se rezou o rosario e cousas desas, è, è como o tèmpo lles sobrava, pois dicíárono, a contar cuèntos dunhos è doutros. È despois dicía que un que contara un cuènto que se riran todos, menos o mòrto que non se riu porque, taba máis tièso có rabo dunha vasoira; se nõn que se había de rir tamén. Prò nesto parece ser, que o difunto taba encima dunha mesa, dun, claro, non traerían inda o ataúz daquela, a caxa, iè, è taba cos brazos cruzados así, i-òs lados puñèron unhos candileiros, ou sea un, unhas vèlas, i-ò outro acabou de conta-lo cuènto.

Veciños da Fonsagrada

C: OS NOVOS INVENTOS

O meu marido traballa, è akhènte de espetáculos, contrata orquèstras, bandas, atraciós, tèn grupos èlètròkhenos, tèn bombas, tèn palcos, tèn de todo, o que pòde facer un, unha, unha festa vir onda el è el faille todo: fai, sácalle os contratos, faille as rifas, faille os cartèles, faille todo. Chámase, è un, ò sea xa fai once anos que traballa nesto do espectáculo, è, eu è mais o meu fillo pos traballamos aquí, no, no bar. O meu fillo aora está libre de quintas è quère levar el a cafetería. Eu axúdolle no que poida asta que se case. Cando se case è teña a súa mullèr pos, eu irei co meu hòme por aí ás festas, è axudareille a el no do espectáculo, no que pòida. Tèn unha oficina en Monterroso, montada, è tèn outra en Melide. È a, a principal è aquí en Melide; è despòs tèn unha delegación alá, porque el traballa moito a zona de Monterroso; traballa, as festas todas darredor de Monterroso fainas el. È entonces pos compramos alí un local è puxo alí unha oficina pa estar máis tranquilo, non ter que andar polos bares adiante enseñándolle á xente os, os cartèles è enseñándolle á xente as cousas è bebendo, se cadra o que non eso.

Veciña de Melide

2. A cal dos tres bloques pertence a túa localidade? Razona a túa resposta con características propias do bloque correspondente.
3. En grupos, investigade sobre a variedade do galego falada no Val do Ellas (Extremadura), denominada A Fala.
 - Consultade todo tipo de fontes: enciclopedias, Internet, libros especializados...
 - Reunide a información e sintetizádeala nunha ficha.
 - Onde está localizada exactamente esta variedade do galego? Cantos falantes ten?:
 - Cando e como xurdiu esta fala en Extremadura?:
 - Que lingüistas desenvolveron estudos sobre esta variedade? Como a describiron?:
 - Como é a situación sociolingüística actual da fala do Val do Ellas?:
4. Le este texto na variedade do galego do Val do Ellas (Extremadura).

AMUS LA

Esti traballu vu l'u brindamos us filólogos hispanistas, é unha idea que v'us damus y unha invitación a desentrañal u fenomenu d'esta reliquia lingüística d'Alta Extremadura. San Martín de Trevellu, as Ellas y Valverdi du Fresno mantenin n'a actualidai unha forma de comunicación oral que se remonta mis ala d'a Baixa Edai Media.

Alguns autores han touca u tema de pasá y s'an sacudiu u asunto dandu a esti romanci origen portugués. Poicu han profuncizau, y u que ei me temu, n'un coñocin "in situ" esti valli dondi us dagais aprendin por tradición direita de seis pairis u dialecto; u castellanu chega a eles cuandu van a escuela, tomandu esa pronunciación académica d'a que facin gala y que us diferencia d'us otros extremeños.

Si u castellanu y u portugués n'um puderan cambial esta cultura lingüística, n'um é d'estrañal que cum a invasión árabe (mais ben bereber) estis pueblus de tan recenti cultura islámica, acabaran tomandu p'a elis a fala d'us mozárabis d'Ergastulum y Salvaleón. De toas as formas esta zona foi durante motu tempu fronteira cum u reinu de León, y toa a Meseta Central un gran despoblau; a zona de contacto cum as culturas latino-cristianas deben sel por u pasillo d'a serra d'Estrela (Beira Alta) hacia a Bracalensis y Galiza, u pasillu tamén quedó cortau n'u primel avanci musulmán hasta mais ala du riu Miñu; cuandu a invasión cristiana foran us leonesis us primeirus contactos que tuveran estis habitantes d'u que dispois sería a Transerra leonesa; pero cuandu chegaran us leonesis a Transerra d'unha maneira mais definitiva, u reinu de León ya se había castellanizau y empezaba a separarsi das falas galegu-leonesas.

Peru esta penetración cultural galega non é nova pa estis territorios d'a Transerra; n'a prehistoria u pasillo galegu truju a sua cultura; n'a Serra de Gata (nomi actual da Transerra) temus un gran número de datos que mus acercan a Galiza: us ideiolillus d'Ciai (Ciudad Rodrigo), Robledillu de Gata, Hernan Periz y Nuñomora son exemplos viventes, igual ocurri cum us grabaus de cazoletas de Vilamel y Val-

verdi du Fresno (estis último cruciformes) que tenin un paralelo indiscutible cum us petroglifos galegos.

U territoriu d'us vetons estuvi comprendiu de norte a sul entri us rios Dueru y Guadiana, por u esti a lindi foi u riu Coa completu; y a partil de cuandu nací y hacia u sul: a actual fronteira portuguesa. Us vettons lindaban por u esti cum us vacceos, arevacus, carpetanus y oretanus; u sul du Guadiana estaban us beturis que se integrarían en n'a Bética hacia u ano vintiseis antiss de Cristu (maior parte da provincia de Badaxoz). A Vettonia sería un d'us tres conventus d'a Lusitania, cuya capital Augusta Emérita s'encontraba n'a mesma fronteira d'a Bética; us oitrus conventus lusitanus n'u actual territoriu portugués foran dendi Algarvi hasta u Taju, conventus pacensis (Beja) capital Pax Julia; y d'u Taju u Dueru, Scalabitanus (Santarén) capital Scalabis. U norti dé Lusitania, n'a región de Braga, as legións romanas, dependentis d'a Citeriol foran as que deran as formas lingüísticas galegas. U portugués d'hoji é a unión o resultau d'u latín de Lusitania y d'u latín d'as legións romanas d'u occidenti da Citerior (León ven de legión).

GEOGRAFIA DU VAL DU RIU D'AS ELLAS

O territoriu que nus interesa n'esti traballu é a partí occidental d'a Transerra Leonesa dondi se sentan us tres pueblus antis ditus. Justo n'u Val d'a Legua, por cima d'as Ellas, naci u riu Eljas u Erjas (nomi que provén de Ergastulum) que junto cum a riveira de San Martín (hay quen di que a riveira de San Martín é u verdadeiru riu das Ellas que nací na cabeceira du valle n'a falda d'u Sálma -Jálama u Xálma) y us regatus d'a serra Malvana na fronteira oesti cum Portugal (Sobreiru, Pesqueiru y Fumadel) formarán u sistema fluvial d'esti valli.

A paré norte d'esti valli y qu'u separa de Castilla, descendí en altitú desde us mil cuatrucentus noventa y dois metrus de Sálma, mil trescentus d'u Espinazu y mil doscentus sesenta y cinco d'as Mezas. Debaju están a seicentus dé metrus San Martín de Trebellu, a quinentus novinta metrus as Ellas y a cuatrucentus oitenta metrus Valverdi du Fresno.

Alfonso Naharro i Riera <http://www.extremaduravirtual.org/home/historia/a-fala-lusitana>

— Responde estas cuestións sobre o texto:

- Quen fixo o traballo? Cal é o obxectivo que persegue?
- De que tres localidades se fala? Que peculiaridade comparten?
- Que orixe defenden algúns autores para esta fala? Que opina o redactor do texto?
- Cando aprenden esta fala os nenos? E o castelán? Que diferencia estes nenos do resto dos extremeños?
- Que orixe defende o autor do texto para esta fala? Cales son os argumentos que emprega?

— Elixe un parágrafo e ponlo en galego estándar.

— Cales son as principais semellanzas e diferenzas entre esta fala e o galego estándar?